



EXCMO CONCELLO DA ESTRADA

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/16	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	2 de decembro de 2021
Duración	Desde as 20:36 ata as 21:47 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	NON
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	NON
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 14/01/2022
HASH: 9c66d6d8c2e679d264e79ed4de7630a



MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS (2 para 2)
SECRETARIA
Data de Sinatura: 14/01/2022
HASH: 9c66d6d8c2e679d264e79ed4de7630a



ACTA DO PLENO
Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: 6F197D5Y351FA3WJ05NKCPCYG | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestona esPublico | Páxina 1 a 13



[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	LUIS MANUEL LOZANO LORENZO (TAX de Intervención)	SÍ
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	NON
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	NON

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, transmitindo, en primeiro lugar, as desculpas da Concelleira do grupo mixto, Dña. Susana Camba Castro, por non asistir a esta sesión a causa de motivos persoais, querendo trasladarlle as condolencias e pésame da corporación pola súa perda.

A continuación procédese á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE NOVEMBRO DE 2021

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de novembro de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 3380/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA PARA ELABORACIÓN DUN PLAN DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS DE REFORZO DOS SERVIZOS DE LIMPEZA E CONSERVACIÓN.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 10, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Concédeselle a palabra ao voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen aclara que a moción que se está a tratar chega ao Pleno con moita tardanza, xa que

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: 6F157D457351FA3W105NKPYS | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 13



foi presentada no pasado mes de xullo e debatida na Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente celebrada o 06/10/2021.

A continuación pasa a explicar a moción presentada polo seu grupo con data 13/07/2021 (2021-E-RCIR-1), que se transcribe literalmente de seguido:

“O artigo 26 da Lei de Bases de Réxime Local obriga a todos os concellos a prestar unha serie de servizos, entre os que figura a limpeza viaria, recollida de residuos e para Concellos de máis de 5.000 habitantes, tamén tratamento de residuos.

O Concello da Estrada debe prestar eses servizos conforme ao estándar esixible para un municipio coas nosas características singulares. En especial, deben darlle resposta ao inxente número de núcleos de poboación, a extensión e a diferenza entre urbano e rural. Lamentablemente, o servizo de recollida de lixo non está a cumprir o estándar que demandan os veciños e veciñas, especialmente nas parroquias. É evidente que se precisa reforzar a frecuencia do servizo no rural e tamén no casco urbano, onde cada vez é máis común atopar colectores completamente cheos e pilas de lixo nas beirarrúas.

Nas parroquias é necesario facilitar a reciclaxe a través da ampliación da rede de colectores. As demandas dos veciños e veciñas pasan pola colocación de máis colectores de reciclaxe, (plástico e vidro), e sobre todo de papel, dos que hai un por parroquia no mellor dos casos. A ese respecto, o Concello foi incapaz de resolver as peticións nin de redactar o anunciadísimo prego para a contratación da recollida de lixo.

Ademais os veciños detectan eivas no servizo de recollida de voluminosos. Que se acopian nas áreas de colectores e pasan meses ata que se recollen. Son cuestións que se poderían resolver cunha planificación axeitada e un procedemento concreto que regule ese servizo.

Fóra das queixas recorrentes que nos fan chegar os veciños e veciñas cada semana, hai outras demandas que tamén nos trasladan en relación á conservación e limpeza viarias.

O Concello organiza todos os anos un calendario de desbroces no rural que é a todas luces insuficiente. A política empregada polo goberno do Partido Popular nos últimos anos é cingirse unicamente aos días previos a festas patronais para organizar as quendas de roza en cada parroquia.

Esa organización non dá o resultado agardado polos veciños e veciñas e ten pegas máis que evidentes. O escaso esforzo do goberno municipal -que só desbroza unha vez en cada parroquia nos meses de verán- provoca situacións de perigo para os veciños e veciñas de todas as parroquias.

A falta de compromiso por parte do goberno ten consecuencias na seguridade vial no rural, risco de incendios e tamén na imaxe que ofrecen as parroquias a aqueles que as visitan.

Ademais, tamén se reciben por parte do noso grupo municipal numerosas queixas sobre o mantemento e salubridade no casco urbano. Nos plenos foron trasladados numerosos rogos sobre situacións como vehículos abandonados, situacións de insalubridade en determinadas rúas, necesidade de baldeos e despreocupación polo mantemento das áreas de xogo para os máis cativos. A maioría das situacións aínda carecen dunha resposta polo goberno do PP.

Esa situación prodúcenos pudor como concelleiros desta corporación, xa que é inasumible que o goberno sexa incapaz de atender cuestións tan básicas coma as que se expoñen. Son reclamacións sobre servizos de prestación obrigatoria para o Concello e que polo tanto forman parte do que debería ser xestión ordinaria.

ACTA DO PLENO

Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: 6FT57DXS45/361FA3WJ05NKCPCYGS | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 13

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Outros colectivos que adoitan amosar o seu malestar pola pouca preocupación do PP son os centros de ensino. As queixas das ANPAS e equipos directivos céntranse na necesidade de insistir demasiadas veces para que o Concello desprace operarios a resolver problemas de mantemento, e incluso a necesidade de contactar co goberno en repetidas ocasións para que se executen tarefas rutinarias como o mantemento dos patios (por exemplo).

Afortunadamente, esta situación ten remedio e todos deberiamos telo claro: o Concello debe facer un esforzo nos medios mecánicos e nos recursos humanos para asumir o mantemento das infraestruturas municipais. Evidentemente, ese esforzo debe verse recollido no orzamento (e executarse) para que dea resultados. É o único camiño posible.

Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta MOCION, para que este adopten os seguintes ACORDOS:

1. Elaborar un Plan de Mantemento de Infraestruturas Municipais (PMIM) que recolla: Catálogo de infraestruturas sobre as que o Concello ten competencia, Plan de Mantemento de cada infraestrutura e planificación e cronograma anual de actuacións. O Plan debe contemplar as necesidades de cada infraestrutura (incluída a rede viaria municipal).

Sobre os desbroces na rede viaria, campos da festa, entornos de escolas unitarias e outros edificios e parques infantís, debe continuar aplicándose o criterio de festividade e como mínimo, un desbroce máis por parroquia.

2. Nomear un responsable da coordinación do PMIM, encargado de cumprir cos prazos para a súa redacción e dos contidos.

3. Acompañar ao PMIM un informe sobre as necesidades de persoal, recursos materiais e económicos para o cumprimento de todo o calendario de actuacións.

4. Instar ao alcalde para que inicie o expediente antes do 31 de xullo de 2021, indicando un prazo de 2 meses para a redacción do PMIM.

5. Para a súa aprobación, seguir o procedemento de debate da proposta en Comisión e aprobación en Pleno.

6. Aplicar o Plan dotando os medios suficientes para o seu cumprimento.”

Considera que este documento sería moi importante de ter en conta para as nosas infraestruturas municipais, sen embargo o grupo de goberno non o considera como tal, algo que non entende porque estamos a falar de cuestións prácticas para resolver o mal estado, por exemplo, das Casas das Letras, por causa dunha negligencia na conservación desa infraestrutura.

Ademais, non quere esquecer as queixas da nosa veciñanza pola mala calidade da limpeza viaria e da imaxe que da o noso rural pola falta de traballos de desbroce durante todo o ano.

A pesares do manifestado anteriormente, obsérvase a falta de interese do grupo de goberno, sobre todo no que ao rural se refire, sinal diso é o voto en contra a todas aquelas iniciativas que traen os grupos da oposición e que refírense a melloras no rural, o que deixa constancia de que o grupo de goberno non toman en serio as necesidades das nosas parroquias.

Tamén di que vota en falla a presenza do Concelleiro delegado de Rural nesta sesión, xa que este está máis pendente do que pasa en Madrid ao que sucede no noso rural, considerando que este ten ao noso concello com hobby.

Finalmente, pide que se vote a favor desta moción para así mellorar as condicións de vida de toda a nosa veciñanza.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: 8FT57DX5Y25LFA3WJQ5NKCPYG | Corrección: https://estrada.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 13



Pide a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para manifestar o seu voto a favor desta moción, destacando sobre todo o mantemento das infraestruturas do noso rural, facendo fincapé no estado das pistas necesitadas de melloras, lembrando que no programa electoral do grupo de goberno constaba a promesa de facer un mantemento das infraestruturas municipais, recollendo no mesmo a mellora dos viais do rural coa participación dos veciños e veciñas; polo tanto, considera que esta promesa electoral deberíase levar a cabo e eliminar as necesidades das nosas parroquias.

Ante o anterior, considera que deberíase elaborar este documento con criterios públicos e participativos, e así dotar ao noso rural dos servizos necesarios, ademais de mellorar os existentes.

Intervén o Concelleiro **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, en calidade de voceiro do grupo de goberno, quen, en primeiro lugar, quere contestar ás alusións que fixo o voceiro do grupo socialista sobre o Concelleiro de Rural D. Juan M. Constenla Carbón, a este respecto di que este está a cumprir perfectamente coas súas obrigas neste Concello así como en Madrid.

En canto á proposta da moción a tratar, di que o mantemento das infraestruturas municipais está a ser atendido e organizado de forma correcta por este grupo de goberno e, ademais, coa flexibilidade á que obriga a limitación dos recursos materiais e humanos deste Concello; di que o grupo de goberno sabe cales son as necesidades do noso casco urbano e do noso rural, pero o feito de plasmalo nun documento non vai a supoñer unha maior eficacia á hora de levar a cabo esas obrigas. Aclara que cada departamento municipal sabe o que ten que facer e contan coas súas propias planificacións dentro das limitacións impostas polas circunstancias que se van dando na xestión municipal, polo que non estamos ante actuacións que só poden ir polo libro. Con respecto ao resto das cuestións plantexadas, considera que xa foron suficientemente aclaradas polo Concelleiro delegado de Rural na Comisión Informativa.

Pide novamente a palabra **D. Luís López Bueno** para manifestar que non está de acordo con que a xestión municipal é boa, proba desa mala xestión son as queixas que lle trasladan os veciños e veciñas, ademais das deficiencias existentes en tarefas ordinarias, o que deixa de manifesto que o grupo de goberno non leu esta proposta con cariño suficiente para saber ben do que vai.

Respecto do Concelleiro de Rural, considera que era a súa obriga estar aquí para defender unha cuestión que lle correspondente á súa concellería.

O **Sr. Alcalde** para dicir que a mesma obriga que tiña o Sr. Constenla é a mesma que tiña a Sra. Concelleira do Partido Socialista que tamén non asistiu a esta sesión, ademais, do que vai desta lexislatura faltaron máis Concelleiros/as do grupo socialista ás sesións plenarias que Concelleiros/as do grupo de goberno, e nunca se lles chamou a atención nin se lles cuestionou a súa profesionalidade; polo tanto considera que se trata dunha cuestión de organización de cada grupo político e non se atreve a cuestionar eses temas e nunca vai a entrar nestas provocacións para entrar a debate. Tamén aclara que, igualmente que o Sr. Constenla foi elixido pola cidadanía para ser Concelleiro, tamén foi elixido para ser Deputado nacional, algo que parece que ao voceiro do grupo socialista lle costa dirixir.

Por outra banda, o feito de ter un plan de mantemento de infraestruturas non soluciona todos os problemas existentes, senón que o problema está en ter os recursos para poder facer estes traballos, sendo sabedor que os recursos que actualmente son destinados ao rural non son

ACTA DO PLENO

Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: 6F57DX5Y35LFA3WJ05NKCPYG | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 13

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



suficientes, pero é que estamos a falar dunha gran extensión de territorio e dunha enorme rede viaria e contamos cun orzamento limitado, e, sen embargo, a proposta da moción fala dun modelo idílico e cuns recursos ilimitados para levala a cabo. Lembra que o grupo de goberno ten que aumentar, anos tras ano, os recursos para servizos sociais, incrementar o diñeiro para dotar de máis servizos ao noso rural, pasando a enumerar os proxectos que se están executando na actualidade nese ámbito, tal como é a iluminación pública.

Continúa aclarando que o grupo de goberno é sabedor das demandas e críticas da nosa veciñanza, pero a elaboración dun plan de mantemento tal e como se plantexa na moción non vai a solucionar o problema do rural, xa que este necesita máis recursos e máis investimentos; ademais, aclara que existen planificacións de mantemento feitas por diversos departamentos municipais e que son as que serven de base para efectuar estes traballos de mantemento, tal é o caso dos desbroces, no que se están empregando todos os recursos posibles para a súa execución, e os asfaltado de camiños.

Aos efectos de desmentir a afirmación do voceiro do grupo socialista sobre o estado de abandono do rural, alega que neste ano se teñen invertido 3.000.000 de euros para asfaltados no rural e que se suman aos case 6.000.000 de euros que se levan executado nos últimos seis anos, máis o 1.500.000 € que se vai a adxudicar no ano que ven, resultado máis de 10.000.000 € investidos no noso rural, cantidade derivada de recursos propios e algunha axuda da Deputación de Pontevedra.

Finalmente, di que se podería investir máis no rural, pero tamén hai que ser conscientes de que a capacidade económica do Concello é a que é, polo tanto non se pode facer máis sen que se abandonen outro servizos tamén importantes e necesarios, pasando a enumerar todos os proxectos acometidos no rural en anos anteriores e o actual e que deixarán a rede viaria do rural en condicións óptimas.

Por todo o dito anterior, no quere que os grupos da oposición impoñan un ritmo de traballo, algo que nin sequera o impón o grupo de goberno aos técnicos, sendo esta a forma de traballar; polo que non vai a permitir que a oposición veña a dar instrución de traballo cando temos a gran sorte de contar cuns profesionais no Concello da Estrada e que non necesitan que os políticos os tutelemos, aínda que é certo que hai cuestións que poden mellorar. Pasa a sinalar que este grupo de goberno inverteu moito en reforma de colexios, algo que non fixo o Partido Socialista cando estivo no goberno, poñendo varios exemplos, entre eles o do Figueroa, ampliación do Pérez Viondi, mellora de eficiencia enerxética do CEIP do Foxo, etc.

Continúa enumerando todos os investimentos feitos polo actual grupo de goberno para a mellora da rede viaria municipal, considerando que a xente é razoable e entende que todo leva o seu tempo e que é necesario contar con diñeiro suficiente para ir mellorando todas as infraestruturas municipais.

Pide novamente a palabra o **Sr. López Bueno** para dicir, por alusións, que non lle vai a consentir ao Sr. Alcalde que utilice determinadas cualificacións sobre súa persoa e que foron utilizadas na súa intervención (as cales non son transcritas pero constan no audio desta sesión). Sobre as faltas reiteradas do Concelleiro do Rural ás sesións plenarias e doutros/as Concelleiros/as do grupo socialista, di que se pode comprobar nas actas estas ausencias para comparar, pero considera que se o Sr. Constenla non pode cumprir con todas as súas obrigas debería renunciar á súa acta de Concelleiro.

Interrompe o **Sr. Alcalde** para preguntarlle se se sentía aludido pola cuestión de Juan Constenla

ACTA DO PLENO
Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: 6F757DX5Y3SLFA3WJ05NKCXYG | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 13

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



porque de ser así compróbase a súa teoría de que ten envexa deste Concelleiro, xa que pediu intervir novamente por alusións e está a tratar este tema.

O **Sr. López Bueno** di que lle gustaría non ser interrompido e continuar coa súa intervención,

O **Sr. Alcalde** lle lembra que solicitou intervir por alusións e xa falou e que agora lle está a contestar e a pechar o debate, sendo estas a regras a seguir nunha sesión plenaria.

Non habendo máis intervencións procédese á votación da moción presentada, sendo esta rexeitada polos votos en contra do grupo do Partido Popular e a favor dos grupos do Partido Socialista e MOVETE.

Expediente 5248/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DE ACTIVIDADE ECONÓMICA AOS EFECTOS DE BENEFICIOS FISCAIS NO IBI.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen pasa a explicar a proposta obxecto deste punto da orde do día, para elo di que estamos ante dous expedientes de solicitude de bonificación no IBI por usos agrarios, gandeiros ou forestais, ao abeiro do establecido no apartado 4 bis do artigo 9 da Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmóbeis por declaración de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas realizadas nos inmóbeis por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego; en concreto estase a falar das solicitudes presentadas por D. Jorge Eiras Miguéns e Dna. M^a Celia Couceiro Piñeiro.

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, manifestando o voto a favor do seu grupo á aprobación desta proposta, querendo deixar constancia do número relativo de explotacións que se acolleron a esta bonificación fronte ás que teñen dereito a ela e aínda non a solicitaron ou non lla concederon por, quizais, motivos xurídicos ou técnicos, non sendo óbice para instar ao goberno municipal para que sexan facilitadas todas as cuestións xurídicas ás explotacións co fin de que poidan acceder a esta vantaxe fiscal, por ser un sector que atravesou unha dificultade económica neste momento.

A voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, traslada o voto a favor do seu grupo á proposta que se está a tratar, sen embargo, considera que é necesario que no vindeiro mes de xaneiro (coincidente coa apertura da nova convocatoria para solicitar este beneficio fiscal no IBI) sexa feita unha campaña informativa para dar a coñecer esta bonificación a aqueles posibles beneficiarios que non sexan coñecedores desta bonificación.

O **Sr. Alcalde** toma a palabra para, ante as manifestacións do voceiro do grupo socialista, pedir á Sra. Secretaria que informe sobre se o ROF establece se, unha vez o Presidente da sesión da por rematado o debate dun asunto, pode pedir a palabra outro concelleiro ou concelleira por

ACTA DO PLENO

Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: 6FT57D5Y35LFA3WJQ5NKPYPG | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 13

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



alusión e cinguíndose exclusivamente a cuestión referida a tal alusión.

A Sra. Secretaria municipal e da sesión, **Dna. M^a Jesusa Fernández Bascuas**, aclara que o ROF, e si tiveramos un Regulamento de Organización e Funcionamento tamén, establece períodos de debate, sen embargo neste Concello se actúa con bastante liberdade en canto aos tempos das intervencións e, no que respecta as intervencións por alusións, terán que referirse a cuestións persoais e que afectan directamente ao concelleiro ou á concelleira aludido ou aludida.

O **Sr. López Bueno** di que se se vai de cuestións de orde tamén eles poden presentar algunha cuestión, neste casto pregunta se no Regulamento se establece que o moderador do debate é o presidente do Pleno e este pode abrir debates cando pecha as quendas de intervención.

A **Sra. Secretaria municipal** contesta que o ROF non contempla todas as casuísticas puntuais que se poden dar, senón que recolle as intervencións.....

Interrompe a Concelleira do grupo socialista, **Dna. Belén Louzao**, di que “no se puede abrir debate nuevo”.....

O **Sr. López Bueno** di que o entende perfectamente, outra cousa é o que o Alcalde faga e, a súa forma de moderar o Pleno, sempre é a beneficio propio, pero son cuestións opinables.

O **Sr. Alcalde** responde que, efectivamente, outra cousa é que o voceiro do grupo socialista veña aquí a dicir que se o Alcalde é arte e parte e que decide do xeito que considera oportuno. Aclara que estamos nunha sesión plenaria na que o presidente é o Alcalde da corporación e parece que iso non lle gusta, apuntando que na gran maioría dos Concellos existe un Regulamento de Organización onde se regula o desenvolvemento das sesións dos órganos colexiados, non tendo ningún problema en que sexa redactado un para este Concello establecendo as quendas e tempos de duración das intervencións e así ponse final a este tipo de discrepancias, eliminando así a flexibilidade que existe actualmente. Quere lembrar e aclarar que o Sr. López Bueno pediu intervir por alusións unha vez rematado o debate e, polo tanto, o que diga ten que cingirse á razón destas alusións e nada máis; así que que quede claro que non abriu en ningún momento un debate novo, senón que contestou simplemente as cuestións manifestadas.

Finalmente, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda e Contas de data 25/11/2021 ao respecto das solicitudes dos contribuíntes que se relacionan máis adiante, presentadas dentro de prazo para obter a bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da ordenanza do Imposto sobre Bens Inmóbles,
Tendo en conta que este beneficio fiscal está sometido á condición de que o Pleno do Concello declare de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas realizadas nos inmóbles por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego,

ACTA DO PLENO
Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: BF157DX3Y35LFA3WJ05NKCPSYG | Corrección: https://aeestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 13



Vista a documentación en cada caso achegada polas persoas solicitantes.
Vistos os informes técnicos e xurídicos emitidos en relación coas solicitudes presentadas.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 25/11/2021.

Vista a normativa aplicable e o debatido nesta sesión, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Declarar de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas desenvolvidas nos inmoables relacionados a continuación, para efectos da bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmoables, a favor dos titulares catastrais respectivos, nas porcentaxes indicadas, con efectos do 1 de xaneiro de 2021:

Nº Expte.; SOLICITANTE; REFERENCIA CATASTRAL; LUGAR/PARROQUIA; %
Bonificación

1118/2021; Eiras Miguéns, Jorge (████████████████████); 36017A058001260001LW;
Valcárceles-S.Xurxo de Veá; 95%

2091/2021; Couceiro Piñeiro, Mª Celia (████████████████████);
36017E521001900000HF; Fonteboa-S. Xurxo de Veá; 95%

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos municipais quere presentar algunha moción de urxencia; non habendo continúaase co desenvolvemento normal da orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 5341/2021. PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO CONCELLO DA ESTRADA AO ABEIRO DA LIÑA 1 DO "PLAN CONCELLOS 2020"

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/11/2021, en relación co asunto que se trata de seguido.

Vistas as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS) 2020 da Excm. Deputación de Pontevedra, aprobadas polo Pleno da Deputación o 29/11/2019 e publicadas no BOPP de Pontevedra nº 1 de 02/01/2021.

Visto que a Deputación de Pontevedra concedeu distintas axudas a este Concello para levar a cabo investimentos ao abeiro da Liña 1 de dito Plan.

E, atendendo ao disposto na cláusula 21.3.1 das nomeadas Bases da convocatoria, na que se establece que entre a documentación a presentar para a xustificación dos investimentos realizados debe figurar "Dación de conta ao Pleno da concesión das axudas outorgadas pola Deputación"

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: 6FT57DYX5Y35LFA3WJQ5NKKCPY6 | Corrección: https://estrada.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 13



DÁSE CONTA:

Das seguintes axudas concedidas pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra ao Concello da Estrada ao abeiro da Liña 1 do "Plan Provincial de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS) 2020":

1.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de xuño de 2020 acordou, entre outros, conceder unha axuda por importe de 799.549,43 € para levar a cabo o investimento "PAVIMENTACIÓN VÍAS RURAIS CONCELLO DA ESTRADA".

2.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 23 de outubro de 2020 acordou, entre outros, conceder unha axuda por importe de 82.843,00 € para levar a cabo o investimento "RUTAS DE SENDEIRISMO POLO TERMO MUNICIPAL DA ESTRADA".

3.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 10 de decembro de 2020 acordou, entre outros, conceder unha axuda por importe de 68.247,75 € para levar a cabo o investimento "CONSTRUCCIÓN DE APARCADOIROS NA BAIUCA".

A corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 18 E O 29 DE OUTUBRO DE 2021 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUIDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 18 e 29 de outubro de 2021 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2021-1247 ao número 2021-1322 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 15 DE NOVEMBRO DE 2021 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUIDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 15 de novembro de 2021 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2021-1323 ao número 2021-1394 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Neste momento incorpórase á sesión a concelleira do grupo do Partido Socialista Dña. Patricia Carracedo.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: 6F167DXY5Y35LFA3WJQ5NKCPYG | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xesiona esPublico | Páxina 10 a 13



ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, trasladando a solicitude dos veciños e veciñas da Rúa San Antón para que se repoña unha luminaria que caeu así como que se cambie o apagado selectivo desa rúa á beirarrúa de enfronte onde hai menos portais.

Prega que sexan arranxadas as beirarrúas danadas con motivo dos asfaltados nas vías do casco urbano e tamén as canalizacións de auga, polo que pide ao grupo de goberno que non acepten as obras ante o estado en que están e que inste á empresa adxudicataria para que subsane tales defectos na maior brevidade posible, ademais de que se proceda o antes posible ao pintado da sinalización horizontal.

Con motivo de que se está a debater no Parlamento de Galicia o orzamento para o exercicio 2022, informa que o seu partido político presentou varias emendas ao mesmo, unha delas é solicitarlle á Xunta de Galicia que se faga cargo da sinalización do Camiño de Santiago que pasa polo noso concello e que asuma o acondicionamento desas rutas; lembra que o goberno municipal anunciou no seu momento que o orzamento para o ano que ven recollería 300.000 € de recursos propios para a sinalización e acondicionamento dos camiños de Santiago que transcorren polo noso municipio. Ante o manifestado insta a que o goberno municipal utilice as súas cartas políticas para que a Xunta de Galicia asuma eses compromisos e actuacións e así os 300.000 € de recursos propios do Concello sexan utilizados para a sinalización dos nosos lugares e parroquias.

Reitera o rogo de que se proceda a arranxar o corremento de terra existente en Riomao - Loimil, e que afecta, concretamente, a un vial municipal.

Para contestar á anterior intervención o **Sr. Alcalde** lembra, con respecto á iluminación pública da rúa San Antón, que cando foi o cambio das luminarias se lle trasladou á empresa que eliminase o apagado selectivo por carecer de sentido, cuestión que se lle reiterará.

En canto aos asfaltados nas rúas do casco urbano, informa que, previas reunións, decidiuse acometer os traballos como se están a facer para poder asfaltar todos os viais e elevar os pasos de peóns antes de rematar o ano e, por motivo da falla de tempo e persoal nestas datas da propia empresa e por decisión do persoal técnico municipal, deixar para o ano que ven o pintado da sinalización horizontal e dos pasos peonís.

En canto á solicitude á Xunta para que inclúan nos seus orzamentos a sinalización e acondicionamento do Camiño de Santiago que pasa pola Estrada, quere aclarar que o proxecto de 300.000 € deste Concello está incluído dentro da EDUSI e que a Xunta encargaríase cos seus fondos para arranxar o BIC de Pontevea; ademais di que os camiños non están recoñecidos pola Xunta de Galicia e, polo tanto, esta non pode investir neles. Por outra parte, di que no sabe se hoxe foi aprobado pola Xunta un Convenio coa Fundación "Padre Sarmiento" para establecer a delimitación de todos os camiños que a día de hoxe están tramitados, crendo que son sete novos, entre eles o da Geira e o Ribeiro Miñoto, importando a cantidade de 600.000 € para facer esa delimitación espacial do percorrido deses camiños así como a xustificación histórica que os avale.

No que se refire á sinalización no rural, di que intentouse coa EDUSI para financiar esta actuación, pero é imposible porque o único que nos permitiría era a

ACTA DO PLENO

Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: 6FT57DX5Y3SLFA3WJG5NKCPYG | Corrección: <https://sede.xunta.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 13

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



sinalización de lugares de interese, algo moi complicado de acometer; polo que que o único viable sería ir a un proxecto integral e que, posiblemente, este sería o momento adecuado para facelo porque o Plan Concello da Deputación permítenos anticipar os fondos para investimentos no ano 2022 -2023 e coa axuda dos fondos propios provenientes de remanentes, porque estamos ante un investimento preto dos oitocentos mil euros, incluíndo a sinalización tamén no casco urbano; pero esta é unha cuestión que quere deixar sobre a mesa para valorar e facer canto antes o proxecto co fin de presentalo en prazo ante a Deputación de Pontevedra en caso de querer optar ao Plan Concellos.

Intervén novamente o **Sr. López Bueno** para pedir que eses proxectos sexan consensuados con todos os grupos políticos municipais. No que respecta ao financiamento dese proxecto de sinalización, opina que se podería acometer esta actuación por medio dun proxecto plurianual financiado con recursos propios do Concello.

O **Sr. Alcalde** ve esa alternativa de proxecto plurianual moi complexa, pero si sería posible facer esta actuación por fases, por grupos de parroquias e de lugares. En todo caso, é un tema que hai que analizar nas vindeiras semanas porque non hai moito tempo.

Pide a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para engadir que é necesario repoñer cando antes os pasos de peóns nas rúas que foron asfaltadas así como repintar o resto das rúas que, aínda que non estean non centro do casco urbano, necesitan que as súas sinalizacións horizontais sexan novamente pintadas.

Ante o incremento dos roubos na nosa vila que está causando inseguridade cidadáns, pregunta se existe algún pacto coa Subdelegación do Goberno para incrementar a seguridade no noso municipio.

Pregunta se se reparou en Souto de Veá a caída dun poste de telefónica e que atópase arrimado contra un muro, en caso contrario, prega que o Concello faga de intermediario coa compañía propietaria para que procedan ao seu arranxo.

Así mesmo pregunta se se lle contestou ao Valedor do Pobo en relación coa famosa antena da Estrada.

Intervén o **Sr. Alcalde** para contestar, en relación coa pregunta sobre a antena, que o problema non é dar resposta ou non ao Valedor, senón solucionar o problema; informa que estiveron os técnicos de RETEGAL e ura empresa máis para valorar e ofrecer solucións para ese cambio de ubicación, pero ao non ter terreos válidos de titularidade pública hai que colocar unha torre de máis de 30 metros de altura, sen embargo, nos din que cos anos a vexetación volverá a crecer e volveremos a ter o mesmo problema. Outra solución é colocar descodificadores dixitais e que solo serven para cada televisor.

Di que toda esa información foi trasladada ao Valedor do Pobo e esta semana se estaban a buscar alternativas, esperando que nos vindeiros días se teña unha solución definitiva, sendo a mellor manter a situación actual da antena pero buscando un suplemento que facilite a chegada da sinal.

En canto ao poste caído en Souto de Veá, informa que se requiriu a Telefónica varias veces que retiraran ou repararan dito posto, e seguíase insistindo.

No que respecta ao tema da seguridade cidadán, di que lle preocupa o aumento

ACTA DO PLENO

Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: 6F157D5X5735LFA3WJ05NKCPY6 | Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 13



do vandalismo e dos roubos despois da volta á normalidade tralo estado de alarma, pero os efectos son os que son; di que falou coa Subdelegación e coa Garda Civil pero os medios son limitados e están a cubrir unha parte importante de territorio o que dificulta unha resposta inmediata. Informa que hai dous efectivos novos na Policía Local que pronto integraranse ao servizo e así, con trece policía, pódese cumprir mellor coas quendas e cubrir o servizo nas horas máis problemáticas.

En canto ao rogo para o pintado dos pasos de peóns, informa que o repitando xa se fixo en todas aquela rúas que o necesitaban, tales como na Peregrina, rúa San Paio e outras rúas principais, faltando tan só aquelas que son obxecto de asfaltado agora ou nun futuro próximo. Se quedan algunhas pendentas é porque son responsabilidade de Fomento.

Pregunta a **Sra. Mar Blanco**, se se está intentando activar o servizo nocturno da Policía Local.

Responde o **Sr. Alcalde** que se está a valorar, pero incorporar un cuadrante nocturno significa unha gran descompensación no servizo actual de 10 horas, pero se está intentando buscar algunha alternativa para intentar evitar os actos de vandalismo e incrementar a seguridade nocturna, contando coa colaboración da Garda Civil; pero o que está claro é que urxe a busca de solucións, pero a día de hoxe temos que esperar que se incorporen os novos policía.

Pide a palabra a Concelleira do grupo do Partido Socialista, **Dna. Patricia Carracedo**, para pedir desculpas por non chegar antes a esta sesión, sendo a causa motivos laborais, polo que manifesta a súa decisión de renunciar a dieta ou indemnización que lle correspondería pola asistencia a esta sesión plenaria.

Non habendo máis intervencións polas Concelleiras e Concelleiros asistentes a esta sesión, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá, se algunha persoa entre o público asistente quere formular algunha cuestión ao Pleno; non habendo, procede a levantar a sesión sendo as vinte e unha horas e corenta e sete minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2021-0017 Data: 14/01/2022



Cod. Validación: 6FT57DX5Y35LFA3WJ05NKCPYG | Corrección: <https://eestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13